

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISION DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 27 DE MAIO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseite de Maio de mil novecentos noventa e tres; ás nove e vinte da noite xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria urxente da Comisión de Goberno, oportunamente convocada e motivada: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente tamén o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde accidental pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- RATIFICACION DA URXENCIA DESTA SESION.-

Os señores membros da Comisión de Goberno ratifican por unanimidade a urxencia desta sesión.

2.- ACTA ANTERIOR.-

Tamén a Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 24 de Maio de corrente.

3.- PETICION DE OBRAS O ABEIRO DA ORDE DO 9 DE MARZO DE 1993, DA
CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES EN MATERIA DE
MELLORA RURAL.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse ós

beneficios da Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, do 9 de Marzo de 1993, que establece auxilios económicos en materia de mellora rural para as seguintes actuacións:

Camiño de Formigueira, en Francelos, cun investimento de 3.000.000 pesetas; Camiño de acceso ó Encoro de Castrelo, no lugar de Sampaio deste Concello de Ribadavia, cun investimento de 3.000.000 pesetas; Camiño de Macendo, en San Cristovo, cun investimento de 3.000.000 pesetas; e Camiño do Muíño en San Cristovo, cun investimento de 3.600.000 pesetas; préstase aprobación, asemade, ás memorias técnicas redactadas polo Sr. Aparellador Municipal, que detallan a execución das obras para as que se prega axuda, axuda que consiste no 50% do total do investimento para cada unha delas.- Fica autorizado o Sr. Alcalde accidental para prega-la correspondente axuda e mesmo para asina-lo oportuno contrato e percibir, no seu día, a subvención correspondente.

E sendo as nove e media da noite o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente do cal, como Secretario accidental, certifico.-